



**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE  
ALUMNOS/AS AO CONSELLO ESCOLAR  
CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 7 de setembro de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 20), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 11 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 alumnos/as**.
2. Son electores todos os alumnos/as de Educación Secundaria matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 7 de novembro estará exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 15 de novembro.
3. Son elixibles os alumnos/as de Educación Secundaria matriculados no Centro, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Administración do Centro. **As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do citado día 15 de novembro.**
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos/as de Secundaria, o día 16 de novembro, ás 13:15 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e dous alumno/as, actuando de secretario/a o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos/as no centro ou avalados cando menos pola sinatura de 10 electores.
7. As votacións realizaranse neste Centro Público o **día 27 de novembro, de 12:40 a 14:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 12:35 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de 3 nomes** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto os alumnos de Educación Secundaria.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 7 de novembro de 2012

O DIRECTOR E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,